

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e oito de febreiro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. ACTAS E GOBERNO.- Acórdase a delegación de competencias da Xunta de Goberno Local no Director Xeral de Urbanismo.

2. PROTOCOLO.- Acórdase aprobar o informe relativo ao expediente número 2022/K004/000077 omisión interventora da Intervención Municipal.

3. ASESORÍA XURÍDICA.- Acórdase desestimar o recurso de reposición presentado contra o decreto 11735/2023 do 26/12/2023, polo que se aproba a revisión das tarifas para o ano 2024 para os tres aparcadoiros soterrados sitios nas prazas de Santo Domingo, Ferrol e Constitución, obxecto do contrato de concesión administrativa asinado cunha empresa, exclusivamente conforme ao 3,5 % IPC.

4. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das licenzas urbanísticas: para melloras de accesibilidade mediante a instalación de ascensor en edificio de vivendas, na rúa Orquidea, 107, (expte:2023/Y001/000183) e para construción dun edificio na avenida de Madrid,105 (portal 1), rúa das Artes, 2 (portal 2) e rúa das Artes, 4 (portal 3), parcela C1 do Sector Sur-K. Uzpi-2R, (expte: 2021/Y001/000320).

Acórdase a rectificación do prazo máximo de terminación da obra, establecido, no acordo número 2/24, adoptado pola Xunta de Goberno Local en

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac6901069485525818090.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28-2-2024

sesión celebrada o 25 de febreiro de 2023, que outorgaba licenza para rehabilitación de edificio para uso de oficinas e administrativo, na rúa do Progreso, número 27 (expte:2021/Y001/000217).

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para rehabilitación enerxética en vivenda unifamiliar, sita na rúa Flor de Malva, número 29. (2022/Y001/000216) e para baixada a cota cero e substitución de ascensor existente en edificio de vivendas, sito na Praza Maior, número 27(2023/Y001/000144).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

5. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación no procedemento de licitación para o alleamento de vehículos retirados da vía pública sitios no depósito municipal. expte. ref. 2024-C005-000002.

Acórdase a modificación do contrato administrativo na contratación da obra de renovación do canil do parque da Milagrosa. exp. ref. 2022-C002-000031.

6. FOMENTO.- Acórdase aprobar o convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e Caixa Rural Galega co obxecto de colaborar nos gastos derivados do evento "Corre con Nós ano 2024.

Tamén se acorda a aprobación de Addenda ao Convenio de cooperación educativa entre a Uned e o Excmo Concello de Lugo expte 961/2020.

7. PERSOAL.- Acórdase a aprobación das bases específicas para a cobertura de 2 prazas de oficial lector/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario (grupo C - subgrupo C2), en quenda libre (1 incluída na OEP 2021 e 1 incluída na OEP 2023).

Tamén se acorda a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de operario/a en vías e obras pertencentes ao cadro de

persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OPE 2021).

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de oficial pintor/a de vías e obras pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OPE 2021).

Así mesmo, acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 1 prazas de oficial cociñeiro/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OPE 2023)

Acórdase a rectificación do acordo 10/781 aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a dúas prazas de auxiliar administrativo/a pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna OEP 2021, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 21 de decembro de 2022.

Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de operario/a de cemiterio pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OPE 2023).

Tamén se acorda a aprobación das bases e convocatoria de axudas para estudos do persoal ao servizo do Concello de Lugo para o curso 2022-2023.

Acórdase a aprobación das bases e convocatoria de axudas para estudos do persoal ao servizo do Concello de Lugo para o curso 2023-2024.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

8. SERVIZOS SOCIAIS.- acórdase a resolución do recurso de reposición, pola inadmisión da solicitude de subvención para proxectos de cooperación ao desenvolvemento. (Convocatoria ano 2023).

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac6901069485525818090.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28-2-2024

Tamén se acorda a resolución do recurso de reposición, pola denegación da solicitude de subvención para proxectos de sensibilización social. (Convocatoria ano 2023).

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

9. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase aprobar a relación de persoas vendedoras do mercado de antigüidades para o ano 2024.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.